



Facultade de Comunicación

Grao en Publicidade e Relacións Públicas

Materias

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P04G190V01701	Dirección de comunicación	1c	6
P04G190V01801	Produción publicitaria na web e multimedia	2c	6
P04G190V01901	Campañas de imaxe e de relacións públicas	1c	6
P04G190V01902	Cine e publicidade	1c	6
P04G190V01903	Comunicación alternativa: Medios virtuais e novos soportes publicitarios	1c	6
P04G190V01904	Comunicación de crise	1c	6
P04G190V01905	Opinión pública	1c	6
P04G190V01906	Publicidade, artes gráficas e tipografía	1c	6
P04G190V01907	Publicidade internacional	1c	6
P04G190V01908	Relacions públicas e comunicación solidaria	1c	6
P04G190V01909	Relacións públicas e protocolo	1c	6
P04G190V01910	Teoría e técnica da comunicación radiofónica	1c	6
P04G190V01981	Prácticas externas: Proxecto práctico profesional	2c	12
P04G190V01982	Obradoiro de prácticas profesionais (seminario de experiencias profesionais)	2c	12
P04G190V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	12

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dirección de comunicación				
Materia	Dirección de comunicación			
Código	P04G190V01701			
Titulación	Grao en Publicidade e Relacións Públicas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Míguez González, María Isabel			
Profesorado	Míguez González, María Isabel			
Correo-e	mabelm@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Dirección de comunicación é a última materia obrigatoria do módulo de relacións públicas, comunicación institucional e corporativa que cursará o alumno do grao. Nela preténdese ofrecer unha visión de conxunto e integradora da comunicación nas organizacións, potenciando as competencias xestoras e estratéxicas do alumno.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C1	Coñecemento da evolución histórica da comunicación publicitaria e das relacións públicas, así como dos aspectos industriais, socio-políticos e estéticos que inciden nos seus elementos, formas e procesos.
C4	Coñecemento teórico e práctico das estruturas organizativas e dos procesos da publicidade e das relacións públicas.
C12	Destrezas analítico-sintéticas: capacidade e habilidade para establecer a estratexia, planificación e procesos propios da comunicación publicitaria e das relacións públicas.
C14	Destrezas directivas e colaborativas: capacidade e habilidade para responsabilizarse da área de comunicación dunha organización, afrontando a xestión estratéxica dos seus intanxibles, a responsabilidade social corporativa e as relacións con diferentes públicos.
D3	Competencias colaborativas: capacidade de adaptación aos obxectivos e valores organizativos e de traballo en equipo.
D4	Competencias directivas: capacidade para administrar o tempo, con habilidade para a organización de tarefas.
D5	Competencias directivas: capacidade de asumir o liderado en proxectos, xeríndoos eficientemente e asumindo compromisos de responsabilidade social.
D6	Competencias directivas: preparación para asumir o risco na toma de decisións.

Resultados previstos na materia			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lembrar e interpretar a evolución histórica da comunicación corporativa e os elementos que incidiron no seu desenvolvemento	A2	C1	
Describir a estrutura e funcións da dirección de comunicación dentro das organizacións, aprendendo a xestionala		C4	
Identificar, analizar e desenvolver os activos intanxibles da organización		C14	
Analizar e orientar as relacións con diferentes públicos da organización		C14	
Identificar e contrastar as tendencias en dirección de comunicación no ámbito local/ rexional, nacional e internacional		C1 C4	
Aplicar as metodoloxías necesarias para a análise, auditoria e avaliación da actividade da dirección de comunicación		C12 C14	
Fixar os obxectivos de comunicación dunha organización, adaptando os recursos e estratexias comunicativas aos obxectivos organizacionais.		C12	D3
Deseñar, presentar e aplicar o plan de comunicación dunha organización	A2	C12	
Organizar de forma eficaz as tarefas individuais e grupais, xestionando adecuadamente o tempo propio e o doutras persoas			D4
Asumir o liderado e o risco na xestión de proxectos e a toma de decisións.			D5 D6

Contidos

Tema

OS INTANXIBLES E A SÚA XESTIÓN	O século XXI: o século dos intanxibles. O propósito como núcleo da identidade corporativa. Cultura corporativa e comunicación interna. A marca e a súa xestión. A reputación corporativa. A xestión estratéxica da reputación corporativa e os intanxibles relacionados.
--------------------------------	--

A PROFESIÓN DA COMUNICACIÓN	A evolución da comunicación nas organizacións: o nacemento do Dircom. A función da comunicación na empresa. Perfís e condicións laborais na profesión da comunicación. O director de comunicación. A xestión estratéxica da comunicación corporativa. Referentes profesionais e tendencias no ámbito da comunicación.
-----------------------------	---

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	24	50	74
Obradoiro	6	6	12
Traballo tutelado	14	20	34
Resolución de problemas	4	10	14
Exame de preguntas obxectivas	1	14	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividade encamiñada a tomar contacto co alumnado e presentar a materia. Recoméndase especialmente a asistencia a esta actividade, que terá lugar durante a primeira hora de docencia, para poder entender correctamente o funcionamento da materia.
Lección maxistral	Exposición por parte da docente, con apoio de presentacións e materiais bibliográficos, dos contidos teóricos contemplados no programa da materia.
Obradoiro	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos procedimentais e habilidades profesionais e directivas, con asesoramento específico por parte da docente nas actividades que desenvolve o estudantado.
Traballo tutelado	Actividades enfocadas á elaboración tutelada dun traballo grupal con asesoramento específico por parte da docente durante as sesións prácticas dedicadas á súa execución.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia para resolver polo alumnado de forma grupal co asesoramento da docente nas sesións prácticas dedicadas a tal efecto.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado poderá acceder á atención personalizada para resolver dúbidas concertando unha titoría a través da secretaría virtual. Moovi será a canle prioritaria de comunicación da docente co alumnado, aínda que este poderá tamén contactar coa docente a través do correo electrónico mabelm@uvigo.gal
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	O alumnado poderá acceder á atención personalizada para resolver dúbidas concertando unha titoría a través da secretaría virtual. Moovi será a canle prioritaria de comunicación da docente co alumnado, aínda que este poderá tamén contactar coa docente a través do correo electrónico mabelm@uvigo.gal

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Obradoiro	Nos obradoiros de habilidades profesionais e directivas propóranse tarefas que se resolverán de xeito individual baixo as indicacións e supervisión da docente e se entregarán nun único documento. Este documento, entregado en tempo e forma, será avaliado en función da súa calidade.	18	A2	C14 D4 D5

Traballo tutelado	Avaliación do traballo grupal, entregado en tempo e forma a través de Moovi. Tódolos/as integrantes de cada grupo deberán subir o traballo ao espazo habilitado en Moovi para poder ser avaliados/as. Se algún alumno/a non entrega o traballo na plataforma, non será avaliado/a aínda que o seu nome figure nun traballo grupal entregado por outros/as compañeiros/as.	34		C12 C14	D3 D5 D6
Resolución de problemas	Esta actividade, que se desenvolverá de xeito grupal, evaluarase en función da calidade da entrega realizada polo alumnado en tempo e forma a través da plataforma Moovi. Todo o estudiantado integrante de cada grupo deberá subir a actividade á plataforma para poder ser avaliado/a. Se algún alumno/a non entrega a tarefa na plataforma, non será avaliado/a aínda que o seu nome figure na tarefa grupal entregada por outros/as compañeiros/as.	12	A2	C12 C14	
Exame de preguntas obxectivas	Trátase dunha proba para avaliación das competencias adquiridas, que inclúe preguntas pechadas con dúas alternativas de resposta (verdadero/falso). Valorarase o nivel de comprensión dos conceptos esenciais das materia e o grao de profundidade dos coñecementos.	36		C1 C4 C14	D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA:

Para superar a materia na modalidade de avaliación continua será necesario obter unha puntuación total mínima de 5 puntos entre as catro actividades avaliadas.

O alumnado que non supere a materia na primeira edición, terá a opción de facelo na edición de recuperación (xullo), volvendo a entregar aquelas tarefas non entregadas ao longo do cuadrimestre ou nas que non obtivera unha cualificación satisfactoria. Tamén poderá repetir o exame tipo test, coa finalidade de acadar entre tódolos elementos avaliados a puntuación mínima esixida (5 puntos). No caso de que non se presente algunha tarefa ou non se repita o exame tipo test, entenderase que o alumno/a desexa conservar a cualificación obtida na primeira edición para dito elemento evaluable.

O alumnado que non supere a materia na segunda edición deberá cursala novamente, adaptándose á guía docente que estea vixente no curso en cuestión, e, polo tanto, non conservará ningunha das cualificacións obtidas no presente curso.

AVALIACIÓN GLOBAL:

O alumnado que opte polo procedemento de avaliación global contará con dous elementos de avaliación:

1. Proba tipo test sobre os contidos teóricos da materia na data oficial do exame da materia. Valoración máxima: 3,6 puntos.
2. Proba de tipo práctico na data oficial do exame. Valoración máxima: 6,4 puntos.

Para superar a materia será necesario:

- Obter unha puntuación mínima de 1 punto na proba tipo test.
- Obter unha puntuación mínima de 3 puntos na proba práctica.
- Obter unha puntuación total mínima de 5 puntos.

O alumnado que non supere a materia na primeira edición, terá a opción de facelo na edición de recuperación (xullo). O alumnado que o desexe poderá conservar a cualificación obtida na primeira edición na proba tipo test ou na proba práctica, sempre e cando sexa igual ou superior ao mínimo establecido. Igualmente, deberá cumprir o requisito de sumar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a materia.

O alumnado que non supere a materia na segunda edición deberá cursala novamente, adaptándose á guía docente que estea vixente no curso en cuestión, e, polo tanto, non conservará ningunha das cualificacións obtidas no presente curso.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Aced, C., Arocas, M. & Miquel, S., **Manual de comunicación interna**, DIRCOM, 2021

Capriotti, Paul, **Branding corporativo: fundamentos para la gestión estratégica de la identidad corporativa**, Colección Libros de la Empresa, 2009

Capriotti, Paul, **Dircom Map: Dirección Estratégica de Comunicación**, Bidireccional, 2021

Corporate Excellence Center for Reputation Leadership & Canvas, **Approaching the future 2022. Tendencias en reputación y gestión de intangibles**, 2022

Costa, Joan, **El ADN del DirCom : origen, necesidad, expansión y futuro de la Dirección de Comunicación**, Costa Punto Com, 2011

Dircom, **El estado de la comunicación en España 21-22**, Asociación de Directivos de Comunicación (Dircom), 2022

Dircom, **Manual de la comunicación**, Asociación de Directivos de Comunicación (Dircom), 2013

Global Alliance for Public Relations and Communication Management & Corporate Excellence Center, **The Global PR and Communication Model 2021**, 2021

Gregory, A.; Willis, P., **Liderazgo estratégico y gestión de la comunicación**, EUNSA, 2019

Míguez, María Isabel, **Algunas cuestiones terminológicas en torno a la comunicación corporativa**, en **Historia de la comunicación corporativa en Cataluña**, UOC, 2015

The RepTrack Company, **The ultimate reputation guide**, 2022

V&A, **Gestión de la reputación y los intangibles empresariales. Informe integrado de metodologías V&A**, 2018

Villafañe, Justo, **La buena empresa: propuesta para una teoría de la reputación corporativa**, Pearson, 2013

Zerfass, A.; Moreno, A.; Tench, R.; Vercic, D.; Buhmann, A., **European Communication Monitor 2022**, EUPRERA / EACD, 2022

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Campañas de imaxe e de relacións públicas/P04G190V01901

Comunicación de crise/P04G190V01904

Relacións públicas e comunicación solidaria/P04G190V01908

Relacións públicas e protocolo/P04G190V01909

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría e práctica das relacións públicas/P04G190V01205

Comunicación: Imaxe corporativa/P04G190V01303

Planificación estratéxica das relacións públicas/P04G190V01503

Técnicas de relacións públicas/P04G190V01604

DATOS IDENTIFICATIVOS**Producción publicitaria na web e multimedia**

Materia	Producción publicitaria na web e multimedia			
Código	P04G190V01801			
Titulación	Grao en Publicidade e Relacións Públicas			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OB	Curso 4	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Dafonte Gómez, Alberto			
Profesorado	Dafonte Gómez, Alberto			
Correo-e	albertodafonte@uvigo.es			
Web	http://about.me/albertodafonte			
Descrición xeral	A materia de Producción publicitaria na web e multimedia está enfocada para que o alumnado coñeza como a Internet cambia o marketing e a comunicación, cambios na forma en que se debe traballar coas marcas para conseguir unha maior presenza nos novos medios.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código			
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		
C11	Competencia ou alfabetización dixital: capacidade e habilidade para utilizar as tecnoloxías e técnicas de comunicación en novos soportes, medios interactivos e multimedia.		
C12	Destrezas analítico-sintéticas: capacidade e habilidade para establecer a estratexia, planificación e procesos propios da comunicación publicitaria e das relacións públicas.		
D3	Competencias colaborativas: capacidade de adaptación aos obxectivos e valores organizativos e de traballo en equipo.		
D4	Competencias directivas: capacidade para administrar o tempo, con habilidade para a organización de tarefas.		

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Capacidade para establecer a planificación publicitaria fixando obxectivos, definir o público obxectivo, trazar estratexias e determinar a súa xestión comunicativa.	C12	D3
Habilidade para utilizar as técnicas comunicativas adecuadas e en diferentes soportes e ferramentas dixitais, así como a capacidade de adaptación a novos soportes e formatos da mercadotecnia dixital.	C11	
Definir e implementar estratexias, e o seu desenvolvemento creativo, aplicables en contornas dixitais, así como das metodoloxías necesarias para a súa análise, auditoría e avaliación, de face á medición da eficacia publicitaria en redes sociais e e-mail mercadotecnia.	C12	
Asimilar as bases da nova linguaxe hipertextual e multimedia, os seus distintos xéneros e arquitectura interna, como base para a creación de produtos publicitarios, promocionais e persuasivos.	A5	C11
Capacidade para o traballo en equipo a través da comunicación oral e escritura. Asumir o liderado en proxectos, resolvendo eficientemente e valorando compromisos de responsabilidade social.		D3 D4

Contidos

Tema		
Tema 1: Interactividade.	Qué significa e por que importa. Internet	
Tema 2: Deseño orientado á web.	Deseño da información Deseño da interacción Deseño da presentación	
Tema 3. Social Media	Redes sociais, elaboración dun social media plan e calendarización de contidos. Estratexias en redes sociais. Métricas e análises	

Tema 4: Desenvolvemento de produtos	Desenvolvemento de elementos multimedia Campañas publicitarias na web e redes sociais Contidos e novos formatos
Tema 5: Seo e Sem	Técnicas e ferramentas para a optimización do posicionamento orgánico en buscadores e principais ferramentas de publicidade en buscadores.
Tema 6. E-mail Marketing	Campañas de e-mail marketing. Marco normativo. Ferramentas de e-mail marketing. Desenvolvemento práctico con ferramentas de e-mail marketing

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	20	32
Aprendizaxe baseado en proxectos	2	24	26
Simulación	6	26	32
Simulación	6	26	32
Prácticas con apoio das TIC	2	24	26
Observación sistemática	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado
Aprendizaxe baseado en proxectos	O alumnado, divido en grupos, traballará na creación e difusión dunha newsletter sobre a produción publicitaria na web.
Simulación	O alumnado, divido en grupos, recibirá un briefing real (briefing 1) e deberá elaborar a súa proposta de campaña facendo especial fincapé nos formatos publicitarios na web e redes sociais.
Simulación	O alumnado, divido en grupos, recibirá un briefing real (briefing 2) e deberá elaborar a súa proposta de campaña facendo especial fincapé nos formatos publicitarios na web e redes sociais.
Prácticas con apoio das TIC	Cada estudante, de xeito individual, deberá presentar o seu currículo hipermedia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	A elaboración dos proxectos contará con titorización e atención personalizada no horario de titorías presencias, no horario de titorías virtuais e a través da plataforma de teleformación que se empregue na materia, a definir a comezo do curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe baseado en proxectos	O alumnado, traballando en grupos, ocuparase da creación e publicación dunha newsletter periódica sobre os contidos propios da asignatura.	20	A5 C11 D3 D4
Simulación	O alumnado, traballando en grupos, elaborará unha proposta de campaña publicitaria baseada en medios dixitais a partir da documentación facilitada polo docente (briefing 1)	20	C11 D3 C12 D4
Simulación	O alumnado, traballando en grupos, elaborará unha proposta de campaña publicitaria baseada en medios dixitais a partir da documentación facilitada polo docente (briefing 2)	20	C11 D3 C12 D4
Prácticas con apoio das TIC	O alumnado, de xeito individual, presentará o seu CV creativo baseado no uso de medios web e redes sociais	20	A5 C11 C12
Observación sistemática	O docente supervisará o nivel de participación do alumnado nos traballos de grupo, tanto na aula, coma nos medios telemáticos previstos para a coordinación de traballos.	20	A5 C11 D3 C12 D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

O procedemento de avaliación descrito ata este punto é válido para o alumnado que opte pola avaliación continua e cumpra coas entregas previstas ao longo do cuadrimestre.

En caso de que desexe optar por avaliación global, o alumnado deberá informar ao docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido polo centro para tal fin, axuntado cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin. O procedemento de avaliación global é o descrito a continuación.

AVALIACIÓN GLOBAL DA MATERIA

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha delas. Dada a extensión das probas o alumnado que se acolla a avaliación global deberá dispor de 4 horas para a realización das mesmas a partir da hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

A avaliación global consta das seguintes probas:

Proba 1. Exame da materia (40%)

Proba 2. Traballo de investigación a acordar co docente (20%). Entrega a través de Moovi con límite na data do exame.

Proba 3. Traballo de simulación sobre o briefing 1 (20%). Entrega a través de Moovi con límite na data do exame.

Proba 4. Traballo de simulación sobre o briefing 2 (20%). Entrega a través de Moovi con límite na data do exame.

A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar a información específica e complementaria que sexa precisa para superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Machado, Carolina & Davim, Paulo, **MBA: Theory and Application of Business and Management Principles**, Springer, 2016

Mejía Llano, J. C., **La Guía Avanzada Del Community Manager**, Anaya Multimedia, 2015

Sanagustín, Eva, **Marketing de contenidos**, Anaya Multimedia, 2013

Rivas Delgado, Jon, **Aprende SEO, desde cero**, Caronte Studio SLU, 2020

Bibliografía Complementaria

Anderson, Christoffer et Alt., **Mobile Media Applications □ from concept to cash**, Wiley, 2006

Berners □ Lee, Tim, **Weaving the web. The past, Present and Future or the World Wide Web**, Orion Business Book, 1999

Bentley, F and Barrett, E, **Building Mobile Experiences**, Mit Press. USA, 2012

Chaleat, Philippe □ Charnay, Daniel, **HTML y la programación de servidores**, Eyrolles. Ediciones gestión, 2000

Dotras, Alberto, **Social Media. Herramientas Y Estrategias**, Ra-Ma, 2016

González de la Garza, Luis Miguel, **Redes sociales, instrumentos de participación democrática. Análisis de las tecnologías implicadas y nuevas tendencias**, Editorial Dykinson, S.L, 2015

Kawasaki, G. & Fitzpatrick, P., **El Arte Del Social Media**, Anaya Multimedia, 2016

Klopfers, E and Haas, J, **The More We Know NBC News, Educational Innovation, a**, Mit Press. USA, 2012

Kraut, R.E. and Resnick, P, **Building Successful Online Communities Evidence-Based Social Design**, Mit Press. USA, 2012

Lovett, J., **Social media metrics secrets**, John Wiley & Sons, 2011

McConnell, Steve, **Software Project Survival Guide**, Microsoft Press, 2000

Monk, C, **Designing Business □ Multiple Media, Multiple disciplines.**, Adobe Press, 1996

Murray, J, **Inventing the Medium □ Principles of Interaction Design as a Cultural Practice**, Mit Press. USA, 2012

Nielsen, Jacob, **Designing web usability**, New Riders Publishing, 2000

Postigo, H, **The Digital Rights Movement The Role of Technology in Subverting Digital Copyright**, Mit Press. USA, 2012

Reig Hernández, Dolores, **Socionomía: ¿vas a perderte la revolución social?**, Deusto, 2012

Rheingold, H, **Net Smart. How to Thrive Online**, Mit Press. USA, 2012

Rodríguez Fernández, Óscar, **Curso de Community Manager**, Anaya, 2012

Rojas, Pedro y Redondo, María, **Cómo Preparar Un Plan De Social Media Marketing**, Gestión 2000, 2013

Burgs, Marwick & Poell, **The sage handbook of social media**, Sage, 2018

Cobo, S., & Juárez, S. C., **Internet para periodistas: kit de supervivencia para la era digital**, Editorial UOC, 2012

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticas externas: Proxecto práctico profesional/P04G190V01981

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Creatividade publicitaria/P04G190V01304

Producción publicitaria en medios audiovisuais/P04G190V01504

Comunicación alternativa: Medios virtuais e novos soportes publicitarios/P04G190V01903

DATOS IDENTIFICATIVOS**Campañas de imaxe e de relacións públicas**

Materia	Campañas de imaxe e de relacións públicas			
Código	P04G190V01901			
Titulación	Grao en Publicidade e Relacións Públicas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Máiz Bar, Carmen			
Profesorado	Máiz Bar, Carmen			
Correo-e	maizbar@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>O exercicio das relacións públicas céntrase en xestionar a comunicación das organizacións cos seus públicos. Unha campaña de imaxe está orientada a construír, reforzar e mellorar a valoración pública dunha marca, unha persoa, un produto ou un servizo.</p> <p>Nesta materia estudaremos e desenvolveremos campañas de imaxe e de relacións públicas, partindo das súas etapas básicas: formulación, investigación, diagnóstico, planificación, estratexias e accións, e avaliación.</p> <p>--</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C9	Coñecemento das estratexias de comunicación e o seu desenvolvemento creativo, aplicables en todo tipo de organizacións, así como das metodoloxías necesarias para a súa análise, auditoría e avaliación.
D2	Competencias creativas: capacidade para a creatividade, a innovación e a adaptación ao cambio.
D3	Competencias colaborativas: capacidade de adaptación aos obxectivos e valores organizativos e de traballo en equipo.
D6	Competencias directivas: preparación para asumir o risco na toma de decisións.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Construír a mensaxe central dunha campaña ou unha acción de relacións públicas de modo que conteña os atributos máis valorados da organización	D2 D3
Interpretar os indicadores de eficacia dunha campaña	C9
Manexar riscos en todas as accións previamente planificadas, valorando vantaxes e inconvenientes e preparando alternativas para afrontar estes últimos	D6

Contidos

Tema	
Tema 1. Conceptos básicos	Relacións Públicas Identidade Imaxe Reputación Ferramentas Públicos
Tema 2. As campañas	Campañas de imaxe e relacións públicas Definición Motivos Tipos Perfís profesionais

Tema 3. O plan	Plantexamento Investigación Diagnóstico Obxectivos Públicos Estratexias Accións Cronograma
Tema 4. Avaliación	Medición e control Métodos de avaliación Retroalimentación
Tema 5. Casos prácticos	Análise e desenvolvemento de campañas e imaxe e relacións públicas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	15	25	40
Traballo tutelado	20	65	85
Seminario	15	10	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Estudo e análise de campañas reais de imaxe e RRPP.
Traballo tutelado	Deseño e desenvolvemento de campañas de imaxe e RRPP.
Seminario	Explicacións teóricas e exercicios prácticos sobre campañas de imaxe e RRPP.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	O equipo docente guiará ao alumnado na realización e desenvolvemento dos traballos. A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, datas e canles de entrega será detallada nas clases e a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumnado estar atento á información que sexa precisa para superar a materia.
Estudo de casos	O equipo docente guiará ao alumnado na realización e desenvolvemento dos traballos. A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, datas e canles de entrega será detallada nas clases e a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumnado estar atento á información que sexa precisa para superar a materia.
Traballo tutelado	O equipo docente guiará ao alumnado na realización e desenvolvemento dos traballos. A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, datas e canles de entrega será detallada nas clases e a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumnado estar atento á información que sexa precisa para superar a materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Estudo e análise de campañas reais de imaxe e RRPP.	35	C9
Traballo tutelado	Deseño e desenvolvemento de campañas de imaxe e RRPP.	35	D2 D3 D6
Seminario	Explicacións teóricas e exercicios prácticos sobre campañas de imaxe e RRPP.	30	C9 D2 D3 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Para a superación da materia co sistema de avaliación continua arriba descrito, será necesaria a entrega, presentación e exposición de todos os traballos e exercicios, obtendo unha cualificación mínima de aprobado (5) en cada un deles, e seguindo os temas, prazos e condicións establecidas polo equipo docente. Ademais, será obrigatoria a asistencia ás clases (só se permitirán un máximo de 2 faltas sen xustificar en todo o cuatrimestre).

2. No caso de que o alumnado queira optar á avaliación global deberá presentar a súa renuncia á avaliación continua dentro do prazo e seguindo o procedemento establecido polo centro.

3. Descrición da avaliación global:

Na data oficial establecida polo centro para o exame final, o alumnado deberá:

- Realizar un exame teórico, definido polo equipo docente (60% da nota)
- Resolver un suposto práctico, definido polo equipo docente (20% da nota)
- Entregar un traballo consistente na análise dunha campaña real de imaxe e RRPP, definida polo equipo docente (10% da nota)
- Presentar un exercicio que inclúa o deseño e desenvolvemento dunha campaña de imaxe e RRPP, definida polo equipo docente (10% da nota)

Obtendo a cualificación mínima de aprobado (5) en todos e cada un deles.

4. O proceso de avaliación en segunda oportunidade será igual ao establecido para a avaliación global.

5. A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, datas e canles de entrega será detallada nas clases e a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumnado estar atento á información que sexa precisa para superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Xifra, J., **Planificación estratégica de las relaciones públicas.**, Paidós, 2005

Bibliografía Complementaria

AIMC, **Estudio General de Medios**, AIMC, 2023

Capriotti, P., **La imagen corporativa. En Gestión de la comunicación en las organizaciones (pp. 57-72)**, Ariel, 2004

Castillo Esparcia, A., **Introducción a las relaciones públicas**, Instituto de Investigación en Relaciones Públicas, 2010

DirCom, **El estado de la comunicación en España (ECE 21-22)**, DirCom, 2022

Martín Martín, F., **Diccionario de Comunicación Corporativa e Institucional y Relaciones Públicas**, 1ª ed., Fragua, 2004

Villafañe, J., **La buena empresa: propuesta para una teoría de la reputación corporativa**, Pirámide, 2013

Xifra, J., **Manual de Relaciones Públicas e Institucionales**, 3ª ed., Tecnos, 2017

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Comunicación de crise/P04G190V01904

Dirección de comunicación/P04G190V01701

Relacions públicas e comunicación solidaria/P04G190V01908

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría e práctica das relacións públicas/P04G190V01205

Planificación estratéxica das relacións públicas/P04G190V01503

Técnicas de relacións públicas/P04G190V01604

DATOS IDENTIFICATIVOS**Cine e publicidade**

Materia	Cine e publicidade			
Código	P04G190V01902			
Titulación	Grao en Publicidade e Relacións Públicas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Amorós Pons, Ana María			
Profesorado	Amorós Pons, Ana María			
Correo-e	amoros@uvigo.es			
Web	http://www.csc.uvigo.es/ http://webs.uvigo.es/dep14/			
Descrición xeral	Esta materia aborda o coñecemento das relacións entre o cine e a publicidade desde as orixes da imaxe animada. Faise un estudo dos elementos técnico-narrativos da dirección en cine e que son de referencia na dirección de cine publicitario. Evolución histórica de directores, cinematografías e estilos e as súas influencias na imaxe publicitaria audiovisual. Influencias creativas na publicidade dende outros eidos artísticos. Análise dos elementos técnico-narrativos-estéticos en propostas fílmicas e spots concretos. Materia de carácter optativo, impartida en castelano.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B2	Competencia interpretativa da comunicación: capacidade de analizar os elementos da comunicación e xerar os coñecementos nesta disciplina.
C1	Coñecemento da evolución histórica da comunicación publicitaria e das relacións públicas, así como dos aspectos industriais, socio-políticos e estéticos que inciden nos seus elementos, formas e procesos.
C3	Coñecemento da estrutura dos medios publicitarios: características, tipoloxías e problemáticas.
C4	Coñecemento teórico e práctico das estruturas organizativas e dos procesos da publicidade e das relacións públicas.
C11	Competencia ou alfabetización dixital: capacidade e habilidade para utilizar as tecnoloxías e técnicas de comunicación en novos soportes, medios interactivos e multimedia.
D4	Competencias directivas: capacidade para administrar o tempo, con habilidade para a organización de tarefas.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descibir a evolución histórica da imaxe cinematográfica como soporte publicitario.	C1
Identificar as tipoloxías publicitarias e as súas características nel medio cinematográfico	C3
Identificar, na teoría e na práctica, as modalidades de inserción do cine na publicidade e da publicidade no cine	C4
Recoñecer (na linguaxe audiovisual, técnicas de dirección, construción de relatos, etc.) obras cinematográficas e as súas influencias na realización de cine publicitario para distintos soportes e medios	C11
Extrapolar as técnicas de dirección cinematográfica, de diferentes escolas e directores, a producións publicitarias para medios audiovisuais tradicionais e novos soportes	C3
Analizar as estratexias de comunicación publicitaria na imaxe cinematográfica	B2
Demostrar capacidade de análise, síntese e xuízo crítico	A3
Administrar o tempo e organizar adecuadamente e con eficacia as tarefas encomendadas	D4

Contidos

Tema	
BLOQUE I. TEÓRICO-HISTÓRICO.	Tema 1. Imaxe cinematográfica vs. Imaxe publicitaria: 1.1. A imaxe cinematográfica como soporte publicitario. Evolución histórica.

BLOQUE II. DIRECCIÓN CINEMATOGRÁFICA.	<p>Tema 2. Cinematografías, estilos e directores:</p> <p>2.1. Os pioneiros do cinema: Europa, España, Galicia e América.</p> <p>2.2. A creación de Hollywood: Orixe das majors e configuración da súa imaxe corporativa.</p> <p>2.3. Europa-período non sonoro: Cine soviético (URSS). Expresionismo alemán (República de Weimar). Cine vangardista (Alemaña). Cine surrealista (Francia).</p> <p>2.4. Escola clásica de Hollywood.</p> <p>2.5. Neo(pos)realismo italiano.</p> <p>2.6. Nouvelle Vague (Francia).</p>
BLOQUE III. RELACIÓNS ENTRE CINE E PUBLICIDADE.	<p>Tema 3. Cine e Publicidade:</p> <p>3.1. Visión desde a historia: A publicidade no cine</p> <p>3.2. Visión desde a estratexia publicitaria: Modalidades de inserción publicitaria no cine.</p> <p>3.3. Visión desde a creatividade: O cine na publicidade</p> <p>3.3.1. O arquetipo do star system cinematográfico na publicidade.</p> <p>3.3.2. A imitación do cine na publicidade.</p> <p>3.3.3. A incorporación de imaxes do cine na publicidade.</p> <p>3.3.4. A escenificación cinematográfica na publicidade.</p> <p>3.3.5. A utilización de estrelas na publicidade.</p>
BLOQUE IV. RELACIÓNS ENTRE EIDOS ARTÍSTICOS.	<p>Tema 4. Arte-Cine-Publicidade-Moda:</p> <p>4.1. Transferencias entre campos artísticos: A citación posmoderna na publicidade.</p> <p>4.2. Manifestacións temáticas da sensualidade: Do cine erótico ao porno-chic na publicidade.</p>
BLOQUE V. CINE, PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS ESPECIALIZADAS.	<p>Tema 5. Protocolo cerimonial e publicidade nos eventos cinematográficos:</p> <p>5.1. Cerimonia de Entrega de Premios (Galas de cine).</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	18	42
Seminario	15	7	22
Resolución de problemas de forma autónoma	1	25	26
Observación sistemática	8	0	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	50	52

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Clase teórica (aula): Sesión presencial de exposición por parte da docente dos contidos teórico-conceptuais básicos da materia, que o alumnado deberá ampliar e desenvolver pola súa conta coa bibliografía facilitada e/o outras indicacións. Complementarase coas discusións e/o exposicións na análise das prácticas. Todos estes aspectos serán tidos en conta nos exercicios e no exame.
Seminario	Clases prácticas de/na aula, coa realización de Estudos de Caso. O alumnado realiza exercicios (individuais e/o colectivos) programados pola docente de análise fílmico e/o publicitario. Para a súa realización, tras a contextualización da obra pola docente: haberá proxección audiovisual, traballo de visionado, análise técnica-narrativa-estético, exposición/defensa oral e a súa corrección in situ, coa presentación/entrega escrita/visual do comentario nunha ficha modelo e no prazo estipulado. Prácticas coa presenza e participación continuada do alumnado na clase.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que a docente expón/programa un e/o dous exercicio (individual e/o colectivo) sobre algún aspecto do temario e contidos da materia. O alumnado debe realizalo/desenvolvelo de forma autónoma coas indicacións dadas pola docente. Entrega/presentación escrita-visual nunha ficha modelo coa exposición/defensa oral, nos prazos establecidos. Non se contempla a entrega de exercicios á marxe do encargado pola docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	De maneira voluntaria, o alumnado dispón do horario de titorías para consultar dúbidas relativas aos contidos teóricos abordados nas clases teóricas. Os horarios e lugar de titorías estarán dispoñibles na plataforma MooVI e na Web. Para evitar demoras, solicítase cita titorial previamente por e-mail. Non se realizan titorías nin por teléfono nin por e-mail. O profesorado pode realizar comunicados académicos ou información na plataforma MooVI da materia ao alumnado e por e-mail.

Seminario	De maneira voluntaria, o alumnado dispón do horario de titorías para consultar dúbidas relativas ás prácticas. Os horarios e lugar de titorías estarán dispoñibles na plataforma MooVI e na Web. Para evitar demoras, solicítase cita titorial previamente por e-mail. Non se realizan titorías nin por teléfono nin por e-mail. O profesorado pode realizar comunicados académicos ou información na plataforma MooVI da materia ao alumnado e por e-mail.
Resolución de problemas de forma autónoma	De maneira voluntaria, o alumnado dispón do horario de titorías para consultar dúbidas relativas aos exercicios propostos. Os horarios e lugar de titorías estarán dispoñibles na plataforma MooVI e na Web. Para evitar demoras, solicítase cita titorial previamente por e-mail. Non se realizan titorías nin por teléfono nin por e-mail. O profesorado pode realizar comunicados académicos ou información na plataforma MooVI da materia ao alumnado e por e-mail.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	<p>ESTUDOS DE CASO: prácticas e/o exercicios (individuais e/o colectivos) de/na aula, programados pola docente, de análise de fragmentos de producións audiovisuais (cinematográficas, publicitarias). Para a súa realización: proxección audiovisual, traballo de visionado, análise técnica-audiovisual-narrativo-estético, exposición oral e corrección in situ, presentación/entrega escrita/visual da análise nunha ficha modelo e no prazo estipulado. Prácticas coa presenza e participación continuada do alumnado na clase. Loxicamente se un/a alumno/a non asiste a clases prácticas e non fai unha práctica concreta, non poderá presentala, nin entregala, nin expoñela e perderá a cualificación correspondente a esa práctica. Non se contempla a entrega de traballos/exercicios á marxe das prácticas realizadas e/o encargadas pola docente na aula ao alumnado asistente á sesión de clase.</p>	30	A3	B2	C3 C4 C11	D4
Resolución de problemas de forma autónoma	<p>O alumnado realiza un e/o dous exercicios (individual e/o colectivo) de maneira autónoma, programado pola docente sobre algún aspecto do temario e contidos da materia. Entrega/presentación escrita-visual nunha ficha modelo coa exposición/defensa oral, nos prazos establecidos. Non se contempla a entrega de exercicios á marxe do encargado pola docente.</p>	20	A3	B2	C3 C4 C11	D4
Observación sistemática	<p>O alumnado en cada tema impartido realiza de/na aula prácticas de análise de producións cinematográficas e/o publicitarias (Estudios de Caso), coa súa presentación/exposición/defensa oral na clase.</p>	10	A3	B2	C3 C4 C11	D4
Exame de preguntas de desenvolvemento	<p>Tipo de Proba: Exame escrito (con espazo limitado para as respostas e algunhas preguntas poden ser de resposta curta). Estrutura do exame: preguntas teóricas e preguntas prácticas de análise técnica-audiovisual-narrativo-estético de producións audiovisuais (cinematográficas e/o publicitarias) dos diferentes temas. Os contidos desta proba serán os conceptos da materia explicados, tanto na clase maxistral como nos seminarios das prácticas. Ademais das referencias bibliográficas da Guía, a docente situará en MooVI, referencias orientadoras para o estudo básico da materia; pero as preguntas non estarán limitadas só a estas referencias, senón que abarcasen a totalidade dos contidos explicados nas clases teóricas e prácticas. O Exame ten un valor do 40% sobre o total da nota. Para aprobar a materia será preciso obter como mínimo un 5 na nota do Exame. Cunha cualificación inferior a 5 puntos non se poderá facer media, nin compensar coas notas doutras probas. Para máis información sobre a Avaliación Continua e Avaliación Global véxase o apartado "Outros comentarios sobre a avaliación".</p>	40	A3	B2	C1 C3 C4 C11	D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá optar a dúas modalidades de avaliación da materia: Avaliación Continua e Avaliación Global.

1. AVALIACIÓN CONTINUA: aplícanse as porcentaxes e conceptos anteriores (Exame, Seminario, Observación sistemática e Resolución de problemas e/o exercicios), coas seguintes consideracións:

A asistencia ás clases prácticas non é obrigatoria. Agora ben, posto que a realización dos Estudos de Caso (seminario) realízanse como prácticas de/na aula coa presenza e participación continuada do alumnado na clase (que puntúa ata un máximo de 30%), coa observación sistemática (ata un máximo de 10%), se un/a alumno/a non acode ás clases prácticas para facelas non poderá presentalas/entregalas, nin expoñelas/defendelas oralmente e perderá a cualificación correspondente a esa práctica. Por tanto, o alumnado fará/entregará/expoñerá/defenderá oralmente as prácticas que considere convenientes, pero deberá ter en conta se cumpre con iso os criterios de avaliación das outras probas (Exame, Resolución de problemas e/o exercicios) para aprobar a materia.

No apartado Resolución de problemas e/o exercicios, no exercicio programado pola docente valorarase a súa presentación de contido escrito/visual (ata un máximo de 10%) e a exposición/defensa oral (ata un máximo de 10%), se un/a alumno/a presenta/entrega o Traballo, pero non acode para expoñelo/defendelo oralmente perderá a calificación correspondente. E se vén a clase a expoñelo/defendelo oralmente sen habelo entregado en tempo e forma, non se lle considerará.

É necesario aprobar o Exame, cunha nota igual ou superior a 5 puntos para superar a materia. No caso dunha cualificación por baixo de 5 puntos, non se poderá compensar a nota coas outras probas (de habelas), aínda que se conservarán as cualificacións para a Convocatoria de xullo. Neste caso, a cualificación da materia na 1ª Edición-1ª Convocatoria será a nota do Exame.

1.1. Na convocatoria de Julio (2ª Edición): aplícanse os mesmos criterios de cualificación, aínda que a Observación sistemática, prácticas de Estudos de caso e a apartado Resolución de problemas/exercicios non serán re-avaliados, manténdose a calificación da 1ª Edición (1ª Convocatoria). O alumnado que non superou o Exame na 1ª Convocatoria ten esta nova edición para repetir o Exame. O alumnado terá que mellorar a súa cualificación mediante o Exame.

O modelo de Exame será do mesmo tipo (escrito) e estrutura (preguntas teóricas e prácticas) da 1ª Convocatoria. Tamén se necesitará unha nota mínima de 5 (dentro do valor do 40% do total da nota) para facer media co resto das outras probas (de habelas). En caso de non alcanzalo, a cualificación final será a deste Exame.

A información sobre a materia estará publicada na plataforma MooVI. Será responsabilidade do alumnado estar atento a esta información ao ser a vía de comunicación.

2. AVALIACIÓN GLOBAL: De acordo ao establecido no [Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade dá docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado](#), o/a estudante que non opte pola modalidade de avaliación continua, terá dereito a unha proba global no calendario/datas oficiais que a Facultade estableza.

Para optar a esta posibilidade, o alumnado deberá solicitar expresamente a renuncia á avaliación continua, coa antelación e seguindo os procedementos para a súa tramitación que o Protocolo do Decanato da Facultade estableza para ese efecto. Este Acto de renuncia supoñerá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas polo método de avaliación continua e xa non se computarán. Non se admitirán solicitudes fose do prazo establecido polo Centro e, unha vez, recoñecido o dereito non se poderá desistir do mesmo.

Esta modalidade de avaliación consiste nunha proba única que permitirá cualificar ao alumnado entre 0 e 10, igual que na avaliación continua. A proba realizarase na data e horario establecido oficialmente pola Facultade. Por regra xeral, a duración da proba oficial é de 2 horas. Para a avaliación global, o alumnado necesitará 3 horas máis adicionais (5 desde o comezo da proba) para completala.

Esta modalidade consistirá: A) Exame escrito con preguntas teóricas e prácticas (40% da cualificación). B) Exercicio escrito de estudo fílmico (30% da cualificación) cos enunciados que a proba estableza. C) Práctica escrita de análise de imaxe (30% da cualificación) cos enunciados que a proba estableza. A cualificación será a nota media das 3 probas. Con todo, para superar a materia será preciso obter, como mínimo, un 5 no Exame. No caso dunha cualificación por baixo de 5 puntos, non se poderá compensar coa nota das outras probas, aínda que se conservará a súa cualificación para a convocatoria de xullo. Neste caso, a cualificación da materia na 1ª Edición-Convocatoria será a nota do Exame.

2.1. Na convocatoria de Julio (2ª Edición): O alumnado que non superou o Exame na 1ª Convocatoria ten esta nova edición para repetir a proba de Exame (40% da cualificación). Tamén se necesitará unha nota mínima de 5 puntos para facer media coas outras probas xa avaliadas na 1ª Edición (pois non serán re-avaliadas, manténdose a calificación da 1ª Edición). O alumnado terá que mellorar a súa cualificación mediante o Exame. En caso de non alcanzala, a cualificación final será a deste Exame.

A información sobre a materia estará publicada na plataforma MooVI e será responsabilidade do alumnado estar atento a esta información ao ser a vía de comunicación.

Calquera aspecto non previsto nesta Guía resolverase en base ao citado *Regulamento sobre a avaliación, cualificación e calidade da docencia e proceso de aprendizaxe do estudante* da Universidade de Vigo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- COMESAÑA, Patricia & AMORÓS, Anna, "**La escenificación del cuerpo masculino en la imagen publicitaria**". En: **Avances de investigación y estudios de género en comunicación**. Págs. 234-256., Fragua, 2022
- COMESAÑA, Patricia & AMORÓS, Anna, **Publicidad y valores de marca en la obra erótica de la escritora E. L. James**. En: **La comunicación a la vanguardia. Tendencias, métodos y perspectivas**. Págs. 2717 - 2736., Fragua, 2021
- GUBERN, Román, **Historia del cine**., Anagrama, 2016
- AMORÓS PONS, Anna, **Relaciones entre cine y publicidad. Aportaciones y reflexiones a la investigación**. En: **Cinema, Publicitat i Turisme**. (ed. R. Girona), pp. 37-63, Documenta Universitaria, 2012
- AMORÓS PONS, Anna, **La imagen visual de las compañías cinematográficas de Hollywood: las majors**□. En: **VV.AA. Estudios de Comunicación y Protocolo I (Ed. Fernando Ramos)**, pp. 887-899., Universidade: Facultade CCSS e da Comunicación, 2010
- AMORÓS PONS, Anna, □**Cine y Publicidad. Mitos y Arquetipos**□. En: **Estudios de Comunicación y Protocolo I (Ed. Fernando Ramos)**, pp. 853-875., Universidade: Facultade CCSS e da Comunicación..., 2010
- AMORÓS, Anna / NOGUEIRA, Xosé (Editores), **Xéneros cinematográficos?.Aproximacións e reflexións**, USC, Servizo de Publicacións, 2006
- AMORÓS PONS, Anna (Editora), **Obradoiros de Cine Clásico**, Tórculo Edicións / Asociación Galega de Guionistas, 2003
- AMORÓS, Anna e MARTÍNEZ, Sandra, **O cine na publicidade. Modalidades e técnicas na creación publicitaria**., Tórculo Edicións, 2000
- AMORÓS PONS, Anna, □**La imagen cinematográfica como soporte publicitario. Aproximación histórica al fenómeno desde Galicia**□. En: **La publicidad en televisión**. Págs. 123-132., Diputación de Pontevedra, 1999
- ### **Bibliografía Complementaria**
- AMORÓS PONS, Anna, **Cine publicitario con identidad gallega: los spots Estrella Galicia (1986-2019)**. En:**Comunicando en el siglo XXI: Claves y tendencias**. Págs.39-51, Tirant Lo Blanch, 2020
- AMORÓS PONS, Anna, **CONFERENCIA: Las compañías cinematográficas de Hollywood: Brand identity de las majors**., UVigo TV: <https://tv.uvigo.es/video/5b5b387d8f4208>, 2018
- AMORÓS PONS, Anna, **CONFERENCIA: Las Galas de Cine: glamour, espectáculo y promoción**, UVigo TV: <http://tv.uvigo.es/matterhorn/33602>, 2017
- AMORÓS PONS, Anna, **CONFERENCIA: La alfombra roja del glamour: Moda y modistos en el Cine de Hollywood**., UVigo TV: <http://tv.uvigo.es/matterhorn/33254>, 2017
- AMORÓS, Anna y CALVO, M^a Carmen, **Givenchy en Hollywood: Estudio de Breakfast at Tiffany**□s y sus influencias en **publicidad de moda actual**. Nº 25: 87-114, Creatividad y Sociedad, 2016
- AMORÓS, Anna y COMESAÑA, Patricia, **Estrategias publicitarias 360º en los eventos cinematográfico: el Festival de Cans**. Págs. 92-107, Opción: Revista de Ciencias Humanas y Sociales, 2016
- AMORÓS PONS, Anna, **CONFERENCIA: Cine, promoción turística e identidad de marca**., UVigo TV: <http://tv.uvigo.es/matterhorn/30240>, 2016
- AMORÓS PONS, Anna, **CONFERENCIA: Los premios Metre Mateo del audiovisual gallego**., UVigo TV: <http://tv.uvigo.es/video/102241.html>, 2014
- AMORÓS, Anna y COMESAÑA, Patricia, **El Cine de animación, transmisor de marcas y valores culturales**., DOI: https://doi.org/10.5209/rev_HICS.2013.v18.442, 2013
- AMORÓS, Anna y COMESAÑA, Patricia, **El audiovisual gallego en los premios Mestre Mateo**., Orbis: revista de Ciencias Humanas, 2013
- AMORÓS PONS, Anna, **CONFERENCIA: Protocolo en los eventos cinematográficos: La gala de los Goya**, UVigo TV: <http://tv.uvigo.es/video/72310.html>, 2013
- AMORÓS, Anna y COMESAÑA, Patricia, **Cine y Publicidad: la imagen cinematográfica como soporte publicitario en los dibujos animados**, Ámbitos. Rev. Estudios de CC.SS. y Humanidades, 2012
- AMORÓS, Anna y COMESAÑA, Patricia, **Las Relaciones Públicas como estrategia de comunicación en los eventos cinematográficos: los Premios Goya**., Revista Internacional de Relaciones Públicas, 2012
- AMORÓS, Anna y COMESAÑA, Patricia, "**Relaciones Públicas y Protocolo en los Premios Cinematográficos. La Ceremonia de los Oscar**", ICONO 14., 2011
- AMORÓS PONS, Anna, **CONFERENCIA:Relacions entre Cinema i Publicitat : aportacions i reflexions en la investigació**, UdGi: <http://bibstream.udg.edu/streaming/2303.mp4>, 2011
- AMORÓS PONS, Anna, **CONFERENCIA: El Protocolo del cine. Glamour y show en la ceremonia de la entrega de Premios Oscar**., UVigo TV: <http://tv.uvigo.es/video/23064.html>, 2010
- AMORÓS PONS, Anna, □**Corpos de sedución. A imaxe da muller na publicidade e a citación posmoderna**□. **Monográfico: En femenino: Voces, miradas, territorios**., Revista SEMATA. <http://hdl.handle.net/10347/4537>, 2008
-

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/P04G190V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Campañas de imaxe e de relacións públicas/P04G190V01901

Comunicación alternativa: Medios virtuais e novos soportes publicitarios/P04G190V01903

Publicidade, artes gráficas e tipografía/P04G190V01906

Relacións públicas e protocolo/P04G190V01909

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Teoría e técnica da imaxe/P04G190V01106

Teoría e práctica da comunicación publicitaria/P04G190V01105

Creatividade publicitaria/P04G190V01304

Elaboración da mensaxe publicitaria/P04G190V01401

Teoría e práctica da fotografía publicitaria/P04G190V01305

Produción publicitaria en medios audiovisuais/P04G190V01504

Produción publicitaria impresa/P04G190V01505

DATOS IDENTIFICATIVOS**Comunicación alternativa: Medios virtuais e novos soportes publicitarios**

Materia	Comunicación alternativa: Medios virtuais e novos soportes publicitarios			
Código	P04G190V01903			
Titulación	Grao en Publicidade e Relacións Públicas			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Martínez Rolán, Luís Xabier			
Profesorado	Martínez Rolán, Luís Xabier			
Correo-e	xabier.rolan@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	(*)El reto de esta materia es observar los nuevos formatos publicitarios que han ido surgiendo para la captación de nuevos públicos a través de una comunicación alternativa a la de los medios tradicionales. También generar propuestas innovadoras en esa búsqueda por conquistar a targets permeables a fórmulas diferentes a los medios convencionales o los propios soportes reinventados para ellos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código			
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.		
C5	Coñecemento teórico-práctico dos elementos, formas e linguaxes da publicidade e das relacións públicas no contexto local/ rexional, nacional e internacional.		
C9	Coñecemento das estratexias de comunicación e o seu desenvolvemento creativo, aplicables en todo tipo de organizacións, así como das metodoloxías necesarias para a súa análise, auditoría e avaliación.		
C11	Competencia ou alfabetización dixital: capacidade e habilidade para utilizar as tecnoloxías e técnicas de comunicación en novos soportes, medios interactivos e multimedia.		
C12	Destrezas analítico-sintéticas: capacidade e habilidade para establecer a estratexia, planificación e procesos propios da comunicación publicitaria e das relacións públicas.		
C13	Destrezas expresivas: capacidade e habilidade para dar forma creativa á mensaxe. Realización de pezas publicitarias básicas e supervisión da súa produción definitiva.		
D2	Competencias creativas: capacidade para a creatividade, a innovación e a adaptación ao cambio.		
D3	Competencias colaborativas: capacidade de adaptación aos obxectivos e valores organizativos e de traballo en equipo.		

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Asociar os contidos teóricos a prácticas na comunicación en contornas dixitais		C5	
Experimentar a comunicación en redes sociais dixitais como laboratorio de confirmación ou *contrastación de hipótese sobre comunicación dixital	A2	C9 C12	
*Ejercitación na expresión persoal en distintas contornas virtuais		C11 D2 C12	
Coñecemento do proceso adecuado de elaboración das mensaxes para un medio en particular	A2 A4	C12 C13	
Coñecer as posibilidades de planificación de medios existente		C9	
Avaliar os procesos de creación e distribución de contidos en redes.		C13 D2 D3	
Coñecer a evolución dos sistemas de recoñecemento, notoriedade en contornas dixitais.		C11	
Comprobar a eficacia publicitaria dos novos medios		C11 D2	
Coñecer casos de xestión en Internet de crise de imaxe.		C12	
Capacidade de aplicación das novas tecnoloxías á creación de novos medios	A4	C11 D2	
Capacidade de desenvolvemento de novos medios de comunicación		D2	

Contidos	
Tema	
1 Introducción.	A vangarda da comunicación dixital do século XXI Revisión do concepto de alternativo na actualidade Influencia do alternativo na publicidade e comunicación dixital actual. Nesgos e perspectiva de xénero na comunicación dixital actual
Bloque 1.- Novos soportes publicitarios	Aproximación ao desenvolvemento de novos medios publicitarios Desenvolvemento de proxectos de comunicación dixital e alternativa. Os públicos ante a comunicación dixital e modelos alternativos. Particularidades dos usos dixitais.
Bloque 2.- Medios Virtuais	Análise, construción e implementación de formas de comunicación dixital relevantes. Casos, reflexións e actualidade dos proxectos de comunicación dixital Estándares da comunicación dixital actual. Web e móbil. Aproximación aos modelos de negocio en internet.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas con apoio das TIC	10	30	40
Lección maxistral	20	0	20
Traballo	6	40	46
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	13	15	28

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Creación dun proxecto transversal de comunicación alternativa que aglutine as novas tendencias en comunicación dixital, a análise dos novos públicos e o desenvolvemento de produtos dixitais vinculados a ese proxecto
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, as bases teóricas e/ou directrices dun traballo, e os exercicios que o alumando ten que desenvolver.

Atención personalizada	
Probas	Descrición
Traballo	O/A estudante, de maneira grupal, elabora un documento sobre un suposto práctico e deféndeo en público
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao longo do curso fórmulanse problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas. Ditos problemas ou exercicios poden estar relacionados co proxecto final.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo	Desenvolvemento dun proxecto integral de comunicación alternativa e dixital	40	A2	C9	D3
Exame de preguntas obxectivas	Preguntas obxectivas sobre os contidos abordados na docencia.	30	A2 A4	C5 C9 C11 C12	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicios e problemas propostos en relación cos contidos abordados	30	A4	C11 C13	

Outros comentarios sobre a Avaliación

1.- Consideracións sobre a avaliación continua.

O/a estudante cursa avaliación continua por defecto.

Para superar a materia é preciso obter un mínimo do 50% da puntuación de cada unha das metodoloxías/probas indicadas. No caso de non obter a puntuación mínima, o alumno/a non superará a materia, e figurará como suspenso nesa convocatoria coa nota menos lesiva para o seu expediente.

Non se fai media de ningún apartado se non se obtén a puntuación mínima (50% do total de cada metodoloxía). Excepcionalmente, no caso do exame de preguntas obxectivas, é preciso que o alumnado obteña unha puntuación mínima do 40% para poder facer media co resto de metodoloxías, que si deberán ser superadas co 50% da nota mínima.

A asistencia é obrigatoria, tanto á teoría como ás clases prácticas. Os estudantes deben asistir con regularidade á materia (mínimo un 80% das clases), no caso de non superar esa cifra, perderán o dereito a ser avaliados na primeira convocatoria.

Na segunda convocatoria e sucesivas, a proba de resolución de problemas terá un peso do 40% e non se avaliará o traballo titorizado.

2.- Descrición concisa da segunda oportunidade.

O/a estudante que curse avaliación continua deberá superar en segunda convocatoria todas aquelas metodoloxías ou probas que non superase co 50% da puntuación mínima en primeira convocatoria.

O/a estudante que curse avaliación global deberá someterse en 2ª convocatoria ás mesmas condicións descritas na avaliación global. Isto é, terá o mesmo sistema de avaliación descrito no punto 3 destas instrucións.

A efectos de coordinar a segunda oportunidade, o alumnado que deba someterse a esta avaliación deberá contactar co docente responsable da memoria, quen establecerá as probas pertinentes ben sexa en Moovi, ou de forma física durante a data establecida e aprobada en Xunta de Facultade.

As condicións de segunda oportunidade descritas aquí aplícanse para o resto de convocatorias sucesivas.

3.- Descrición concisa da avaliación global.

O/a estudante que así o desexe e solicite formalmente de acordo co prazo e mecanismos establecidos polo decanato terá dereito á avaliación global. A tal efecto, convén revisar a información facilitada polo centro.

A proba de avaliación global efectuarase na data establecida polo centro e aprobada en Xunta de Facultade e avaliará de forma sistemática todas as metodoloxías e probas establecidas na guía docente, e terá unha duración total de 4h.

O/a estudante que efectúe a avaliación global realizará o mesmo exame de preguntas obxectivas que os estudantes que cursan avaliación continua. A nota global do exame teórico terá o mesmo peso proporcional. É preciso obter o 50% da puntuación acadada para poder facer media coa proba práctica. A duración do exame teórico é de 1h

O exame ten un carácter eliminatorio. Se non se supera o 50% da puntuación mínima non se poderá realizar a seguinte parte da avaliación.

Trala realización do exame dará comezo ás probas que avaliarán a parte práctica.

Dita parte da avaliación efectuarase presencialmente na facultade no espazo habilitado a tal efecto, e contará coas seguintes partes:

Un suposto práctico que avalíe a metodoloxía de resolución de problemas, cunha cualificación do 40%, cunha duración de 1h, de carácter eliminatorio. É preciso obter unha puntuación mínima do 50% para poder superar esta parte da proba e realizar a seguinte parte.

Tras un receso de 15 minutos, dará lugar a seguinte parte da proba, que avaliará a metodoloxía de Traballo, onde o/a estudante terá que dar resposta a un suposto práctico nun tempo máximo de 2h.

Para a realización da parte práctica non é posible empregar os equipos persoais do alumnado nin consultar a documentación da materia en Moovi. Calquera das violacións destas condicións anulará a proba a realizar.

4.- Outras consideracións.

_Para todo o non contemplado e/ou detallado nesta guía, tomarase como referencia as indicacións do REGULAMENTO SOBRE A AVALIACIÓN, A CALIFICACIÓN E A CALIDADE DA DOCENCIA E DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ESTUDANTADO (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023). _

A guía docente presenta o plantexamento xeral da asignatura. Por motivos de extensión e ante a imposibilidade de subir documentación complementaria na plataforma Docnet, os detalles máis concretos xestionaranse a través da plataforma

Bibliografía. Fuentes de información

Bibliografía Básica

DORRIAN M., Y LUCAS, G., **Publicidad de guerrilla: otras formas de comunicar**, Gustavo Gili, 2006

HENRY JENKINS, **CONVERGENCE CULTURE: LA CULTURA DE LA CONVERGENCIA DE LOS MEDIOS DE COMUNICACION**, Paidós Ibérica, 2008

Martínez Rolán, Xabier, **DISEÑO DE PÁGINAS WEB: Wordpress para todos los públicos**, 978-8491804154, UOC, 2019

Miguel Ángel Florido, Rubén Máñez, Cova Díaz, Carlos Pinzón, Antonio Ortega, **Curso Especialista en publicidad digital y embudos de venta**, 978-8441543911, Anaya Multimedia, 2021

Bibliografía Complementaria

O'REILLY, T., **What is web 2.0: Design Patterns and Business Models for the Next Generation of Software**, 2005

NICHOLAS A. CHRISTAKIS; JAMES H. FOWLER, **CONECTADOS**, TAURUS, 2010

Carolina Machado, J. Paulo Davim, **MBA Theory and Application of Business and Management Principles**, Springer, 2016

Ryan, Damian & Jones, Calvin, **Understanding Digital Marketing: Marketing Strategies for Engaging the Digital Generation**, 9780749453893, Kogan Page, 2008

Stephen Wolfram, **What Is ChatGPT Doing and Why Does It Work?**, 2023

Edward A. Davis, **Sesgos Cognitivos: Entiéndelos y domina el marketing y todo lo que te rodea**, Amazon, 2020

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Producción publicitaria na web e multimedia/P04G190V01801

Traballo de Fin de Grao/P04G190V01991

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Publicidade internacional/P04G190V01907

Publicidade, artes gráficas e tipografía/P04G190V01906

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Producción publicitaria en medios audiovisuais/P04G190V01504

Producción publicitaria impresa/P04G190V01505

Outros comentarios

A bibliografía será ampliada con material de novidosa incorporación debido o carácter cambiante e a evolución dos contidos que se presentan cada ano.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Comunicación de crise				
Materia	Comunicación de crise			
Código	P04G190V01904			
Titulación	Grao en Publicidade e Relacións Públicas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Torres Romay, Emma			
Profesorado	Torres Romay, Emma			
Correo-e	emmatr@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia busca preparar aos alumnos e alumnas nun ámbito de traballo moi específico dentro da comunicación corporativa e institucional. Trátase de facer fronte á situacións de crise aplicando técnicas de comunicación sustentadas nos parámetros do issues management. Para este fin aplicaranse modelos estratéxicos baseados na anticipación, na xestión dos fluxos de comunicación e no media training.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Competencia interpretativa do entorno: capacidade para interpretar, analizar e interpretar o entorno económico, político, socio-cultural, tecnolóxico e comunicativo.
C9	Coñecemento das estratexias de comunicación e o seu desenvolvemento creativo, aplicables en todo tipo de organizacións, así como das metodoloxías necesarias para a súa análise, auditoría e avaliación.
C12	Destrezas analítico-sintéticas: capacidade e habilidade para establecer a estratexia, planificación e procesos propios da comunicación publicitaria e das relacións públicas.
C14	Destrezas directivas e colaborativas: capacidade e habilidade para responsabilizarse da área de comunicación dunha organización, afrontando a xestión estratéxica dos seus intanxibles, a responsabilidade social corporativa e as relacións con diferentes públicos.
D2	Competencias creativas: capacidade para a creatividade, a innovación e a adaptación ao cambio.
D3	Competencias colaborativas: capacidade de adaptación aos obxectivos e valores organizativos e de traballo en equipo.
D4	Competencias directivas: capacidade para administrar o tempo, con habilidade para a organización de tarefas.
D5	Competencias directivas: capacidade de asumir o liderado en proxectos, xeríndoos eficientemente e asumindo compromisos de responsabilidade social.
D6	Competencias directivas: preparación para asumir o risco na toma de decisións.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Diferenciar as funcións convencionais dun departamento de comunicación daquelas que deben establecerse en situacións extraordinarias ou de crises	C14
Analizar a contorna mediática e social para detectar os problemas comunicativos que poidan xerar crises nas organizacións	B3
Identificar e describir as estratexias de comunicación adecuadas para a resolución de procesos de crises en empresas e institucións	C9
Deseñar e aplicar un plan de comunicación de crise coas estratexias de comunicación adecuadas ás necesidades de empresas e institucións tendo en conta a imaxe corporativa e a reputación dese organismo	C12 D2 C14
Controlar os resultados da aplicación dun plan de comunicación de crise tendo en conta aos diferentes públicos	C9
Demostrar capacidade de análise, síntese e xuízo crítico	A4
Demostrar preparación para asumir o risco na toma de decisións	D6
Demostrar capacidade para traballar en equipo en situacións de crises	D3
Xestionar o tempo eficazmente, con habilidade para a organización de tarefas mesmo en situacións de crises con prazos limitados ou incontrolables	D4
Asumir o liderado en situacións de crises atendendo prioritariamente aos principios de responsabilidade social	D5

Contidos	
Tema	
TEMA 1: Achegamento teórico á comunicación de crise	1.1. Definición da comunicación de crise e conceptos relacionados 1.2. A comunicación de crise dende a perspectiva teórica e empresarial. 1.3. A comunicación de crise no ámbito institucional.
TEMA 2: Modelos e estratexias de comunicación de crise	2.1. Doutrina académica e profesional sobre a xestión da comunicación de crise 2.2. Principais modelos de xestión de crise 2.3. Auditoría de crise 2.4. Os plans de crise 2.5. O comité de crise
TEMA 3: Estudio de casos	3.1. Crises na historia 3.2. Crises empresariais 3.3. Crises institucionais 3.3.1. Xestión de crise nas administracións públicas 3.4. O simulacro de crise

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	0	20
Estudo de casos	10	30	40
Simulación	10	30	40
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21
Resolución de problemas e/ou exercicios	9	20	29

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Desenvolveranse sesións teóricas adicadas a expoñer os conceptos básicos que sustentan a materia. O desenvolvemento das clases realizarase co apoio de material audiovisual e traballando con textos e material adicional que lle será facilitado previamente ao alumno ou alumna.
Estudo de casos	De xeito paralelo ás sesións maxistras, facilitaranse fichas de casos reais nas que se tentará definir todo o relativo aos proceso de xestión aplicado e as consecuencias dos mesmos. Isto permitirá que o alumno ou alumna identifique modelos de xestión comunicativa en procesos de crise.
Simulación	Realizaranse distintas simulacións de elementos de reposta en tempor real a situacións de crise: redacción de comunicados, roldas de prensa, entrevistas, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Organizarase o correspondente horario de titorías para prestar atención ás dúbidas que os estudantes poidan ter con respecto aos contidos da materia.

Avaliación							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Estudo de casos	As análises realizadas dos casos traballados na aula	30	A4	B3	C9	D2	D3
					C12	D4	D5
					C14	D6	
Simulación	Exercicios reais de resposta ás crises.	40	A4	B3	C9	D2	D3
					C12	D4	D5
					C14	D6	
Exame de preguntas obxectivas	Exame escrito na data marcada polo centro.	10	A4	B3	C9	D2	D3
					C12	D4	D5
					C14	D6	

Resolución de problemas e/ou exercicios	Resposta a cuestionarios ou actividades sobre os contidos da clases teóricas ou prácticas.	20	A4	B3	C9 C12 C14	D2 D3 D4 D5 D6
---	--	----	----	----	------------------	----------------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

NORMATIVA DE AVALIACIÓN DA MATERIA - CURSO 2023-2024

A presente normativa axústase ao establecido no Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (Aprobado no Claustro do 18 de abril de 2023. Máis info) ao que se refiren os artigos citados nesta normativa.

-

1. DA NATUREZA DA MATERIA

1.1. A materia Comunicación de Crise está incluída no plan de estudos do Grao en Publicidade e Relacións Públicas como unha materia de carácter **OPTATIVO**.

1.2. Esta materia impártese en réxime **PRESENCIAL** polo que é deber dos estudantes asistir ás sesións docentes prácticas e teóricas no horario establecido polo centro (Artigo 13).

1.3. A avaliación da materia realízase mediante o sistema de **AVALIACIÓN CONTINUA** (Artigo 20), sendo preciso realizar unha renuncia expresa por parte do estudante para realizar unha avaliación global (Ver regulamento do centro).

-

2. DOS BAREMOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA

2.1. AVALIACIÓN CONTINUA.

2.1.1. O sistema de **avaliación continua** da materia realízase atendendo a tres factores:

a) Superar a **parte práctica**, coa realización das actividades programadas.

b) Superar a **parte teórica**, mediante o sistema de avaliación continua.

c) **Asistencia** e participación do alumnado nas clases teóricas e prácticas.

2.1.2. Para superar a **parte práctica** deberán realizarse as actividades programadas en tempo e forma e sempre a baixo á supervisión docente. Ditas actividades deberán realizarse en grupo e poranse en marcha nas sesións de talleres e seminarios. Estas actividades valoraranse sobre un máximo de 10 puntos e supoñen un 40% da avaliación da materia, subdividido en actividades diversas e tendo en conta as seguintes consideracións:

a) Cada unha das actividades da parte práctica será valorada cunha puntuación máxima e terá asignada unha carga de horas prácticas que lle serán comunicadas ao alumnado antes de realizar a mesma. Do mesmo xeito indicárase un prazo de entrega que non poderá ser modificado baixo ningunha circunstancia.

b) As actividades prácticas serán realizadas preferentemente en equipo, sen prexuízo de que poidan realizarse actividades individuais de xeito puntual. Todos os membros do grupo de prácticas recibirán a mesma cualificación, excepto naqueles casos nos que un membro do equipo se ausente dalgunha sesión práctica sen causa xustificada, o que suporía a minorización da cualificación de formar equivalente.

c) Tódalas actividades prácticas realizaranse nas sesións prácticas que están programadas nos horarios de docencia da materia. Isto non evitará que, nalgúns casos, os alumnos e alumnas teñan que cumprimentar os seus traballos fora da aula. En calquera caso, será labor do docente tentar que os alumnos e alumnas saquen o máximo rendemento desas sesións. Pola súa natureza, as actividades prácticas grupais non poderán ser repetidas nin cando a ausencia sexa por causa xustificada (artigo 15 da normativa da Universidade de Vigo). Sendo valoradas neses casos cun aprobado (5 puntos) para os estudantes que se atopen nesa circunstancia.

2.1.3. Para superar a **parte teórica** os alumnos e alumnas deberán superar as actividades individuais e grupais de avaliación continua que se desenvolverán na aula ou fóra da aula segundo as indicacións do docente. Ademais, deberán realizar un exame teórico escrito individual sobre os contidos teóricos que se impartan a aula e que están recollidos no programa. A parte teórica da materia valorarase sobre un máximo de 10 puntos e suporá un 40% da avaliación da materia, tendo en conta as seguintes consideracións:

a) As clases desenvolveranse mediante sesións maxistras participativas que se combinarán coa realización de actividades individuais de reforzo dos contidos e avaliación do progreso dos estudantes. O docente facilitará ao inicio de curso unha axenda das actividades previstas.

b) As actividades de avaliación continua da parte teórica realizaranse prioritariamente na aula, podendo alongarse o período de entrega das mesmas fóra da aula en casos puntuais (polo volume da actividade ou por necesidades de organización). Só poderá realizarse a actividade fóra da data marcada ou fóra da aula cando se produza unha ausencia xustificada (artigo 15 da normativa da Universidade de Vigo) e sempre nun período non superior a dúas semanas dende a celebración da actividade. No caso de actividades grupais aplicarase o mesmo criterio que no relativo á parte práctica da materia (Ver apartado 2.1.2.c).

2.1.4. A **asistencia a clase** ten carácter obrigatorio. Para obter a máxima cualificación neste apartado é preciso asistir ao 100% das clases. A cualificación reducirase en función das faltas de asistencia de forma exponencial aplicando o seguinte baremo:

Táboa 1. Baremo de cualificación por asistencia. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Sesións*	Porcentaxe de asistencia	Cualificación
Menos de 16 sesións	Menos do 50%	0 puntos
16-25 sesións	51-75%	7 puntos
25-30 sesións	76-90%	9 puntos
30-33 sesións	91-100%	10 puntos

* Para o curso 2023-2024 establécense un total de 11 sesións teóricas de 2 horas (total 22 horas) e 12 sesións prácticas de 2 horas (total 24 horas), restando 2 horas para a presentación de traballos e realización do exame final. Para o cómputo de avaliación teránse en conta 33 sesións.

2.1.5. A **avaliación final** da materia realizarase aplicando a seguinte distribución:

- a) Teoría. Puntuación. Máxima 10 puntos/ Porcentaxe da nota 40%
- b) Práctica. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 40%
- c) Asistencia. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 20%

É requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das tres partes.

No caso de que un estudante non supere as actividades de avaliación continua (mínimo de 5 puntos sobre 10) aplicaranse os seguintes criterios:

Táboa 2. Criterios sistema de avaliación continua. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Elemento de avaliación	Situación	Corrección da cualificación
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos nas actividades de avaliación continua da aula.	O estudante deberá realizar o caso práctico na convocatoria de xuño.
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos no exame final da materia	O estudante deberá repetir o exame teórico na convocatoria de xullo.
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos nas actividades de avaliación continua e no exame final da materia.	O estudante deberá repetir o exame teórico e realizar o caso práctico na convocatoria de xullo.

Práctica	O estudante obtivo menos de 5 puntos no proxecto final da materia.	O estudante deberá realizar a proba oral na convocatoria de xullo.
Asistencia	O estudante obtivo menos de 5 puntos por asistencia á materia.	O estudante deberá realizar o exame teórico da avaliación global da materia.

2.2. AVALIACIÓN GLOBAL.

2.2.1. O estudantado deberá informar ao docente da súa **renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido** polo centro para tal fin, axuntando cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin. Ningún outro sistema de comunicación é válido para facer constar esta renuncia e enténdese que, de non se tramitado de tal xeito, o alumno ou alumna seguirá acollido ao sistema de avaliación continua da materia.

2.2.2. O sistema de **avaliación global** da materia realízase atendendo a dous factores:

a) Superar a parte práctica, coa realización das actividades que confirmen os resultados previstos.

b) Superar a parte teórica, mediante a realización do correspondente exame final.

2.2.3. Para superar a **parte práctica**, o estudante que renuncia á avaliación continua deberá presentar realizar un exame oral e unha proba escrita (caso práctico) na data de celebración do exame oficial. Facilitaranse as instrucións e correspondente rúbrica nun prazo máximo de un mes dende o comezo das clases. Cada unha das actividades terá un peso dun 30% na cualificación final da materia.

2.2.4. Para superar a **parte teórica**, o estudante que renuncia á avaliación continua, deberá realizar un exame teórico específico e presentar un traballo académico na data de celebración do exame oficial. Facilitaranse as instrucións e correspondente rúbrica nun prazo máximo de un mes dende o comezo das clases. Cada unha das actividades terá un peso dun 20% na cualificación final da materia.

2.2.5. A **avaliación final** no sistema de avaliación global realizarase aplicando a seguinte distribución:

a) Teoría. Puntuación. Máxima 10 puntos/ Porcentaxe da nota 60% / dúas actividades co 30%

b) Práctica. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 40% / dúas actividades co 20%

É requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das actividades.

Como síntese, a avaliación global deberá atender aos seguintes elementos:

Táboa 3. Criterios sistema de avaliación global. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Bloque	Actividade	Descrición	Porcentaxe
Teoría	Exame teórico final de avaliación global.	Exame tipo test de 100 preguntas (1 hora)	20%
Teoría	Traballo académico	Traballo académico escrito sobre algún dos contidos teóricos da materia.	20%
Práctica	Exame oral	Desenvolvemento de pezas audiovisuais conforme as instrucións e rúbricas específicas	30%
Práctica	Caso práctico final de avaliación global	Redacción dunha análise crítica sobre unha campaña publicitaria audiovisual (30 min)	30%

2.2.6. As probas de avaliación global realizaranse co seguinte **calendario de traballo**:

1. Exame teórico final. Na mesma data e horario que o exame da convocatoria ordinaria segundo o calendario oficial aprobado polo centro.

2. Traballo académico. Deberá presentarse a través da plataforma Moovi antes da data e hora de comezo do exame da convocatoria ordinaria.

3. Exame oral. Realizarase con posterioridade ao exame teórico e o caso práctico, deixando unha marxe de 30 minutos.

4. Caso práctico. Realizarase despois de rematar o exame teórico da materia.

-

3. DO CONTROL DE ASISTENCIA

3.1. En todas as sesións prácticas e de seminario tomarase nota dos membros asistentes. Nas clases teóricas estes controis poderán facerse de xeito aleatorio.

3.2. Só se poderán xustificar as faltas de asistencia que se axusten ao establecido no Artigo 15 do Regulamento sobre avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023).

3.3. Os xustificantes de asistencia deberán ser presentados por escrito nun prazo máximo de 2 semanas dende que se produciu a ausencia para permitir unha correcta xestión da documentación da materia. Nese mesmo período deberá acordarse a posible recuperación de actividades non realizadas atendendo aos criterios descritos nesta normativa. Non poderán reprogramarse actividades máis aló dese prazo.

3.4. As faltas de asistencia reiteradas non supoñen, en ningún caso, o cambio da avaliación continua a avaliación global. Dito cambio só pode realizarse mediante renuncia expresa no prazo e proceso establecido polo centro.

4. DA CONVOCATORIA DE XULLO-2ª OPORTUNIDADE / EXTRAORDINARIA

4.1. O sistema de avaliación para a convocatoria de xullo-2ª Convocatoria e extraordinaria (inmediata á primeira convocatoria) é exactamente igual que o da convocatoria ordinaria (Artigo 23), é dicir, son aplicados os baremos recolleitos no apartado 2. Mantense a consideración de que é requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das partes.

4.2. Obsérvanse as seguintes peculiaridades.

a) Na convocatoria de **2ª oportunidade para avaliación continua** as probas son as seguintes:

(1) Exame teórico. O mesmo exame que na convocatoria ordinaria.

(2) Actividades de aula. Resposta de cuestionarios de resume dos realizados na aula.

(3) Exame oral. O alumno ou alumna deberá realizar unha proba de cámara segundo o contemplado na parte práctica da materia.

(4) Caso práctico. Redacción dun caso práctico conforme ao contemplado na materia.

b) Na convocatoria de **2ª oportunidade para avaliación global** as probas son as seguintes:

(1) Exame teórico. Exame específico da totalidade do contido da materia.

(2) Traballo académico. Traballo académico sobre contidos da materia.

(3) Exame oral. O alumno ou alumna deberá realizar unha proba de cámara segundo o contemplado na parte práctica da materia.

(4) Caso práctico. Redacción dun caso práctico conforme ao contemplado na materia.

c) Segundo os **contidos superados na primeira convocatoria**, o alumno ou alumna deberá realizar os traballos e actividades que correspondan, segundo se resume na seguinte táboa (Ö=proba superada):

Táboa 4. Criterios de avaliación 2ª oportunidade. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Avaliación continua				
Exame teórico (1)	Actividades de aula (2)	Proba oral (3)	Caso práctico (4)	2ª oportunidade
Ö				2, 3, 4
Ö	Ö			3, 4
Ö	Ö	Ö		4

	0	0	0	1
		0	0	1, 2
			0	1, 2, 3
				1, 2, 3, 4
Avaliación global				
Exame teórico (1)	Traballo académico (2)	Proba oral (3)	Caso práctico (4)	2ª oportunidade
0				1, 2, 3, 4
0	0			1, 2, 3, 4
0	0	0		1, 2, 3, 4
	0	0	0	1, 2, 3, 4
		0	0	1, 2, 3, 4
			0	1, 2, 3, 4
				1, 2, 3, 4

4.3. As particularidades recollidas no apartado anterior non son modificables BAIXO NINGUNHA CIRCUNSTANCIA e baséanse nos seguintes criterios básicos:

- a) As cualificacións da **avaliación continua** só teñen validez para as convocatorias do ano académico (ordinaria, 2ª convocatoria e extraordinaria inmediata). No curso posterior será preciso realizar a totalidade dos elementos de avaliación.
- b) As cualificacións da **avaliación global**, pola súa propia natureza e atendendo ao Regulamento da Universidade de Vigo supoñen unha alternativa dentro da mesma oportunidade de avaliación, a disposición do estudantado que renuncie á avaliación continúa (Artigo 19, apartado 3), só serán válidas para cada convocatoria, polo que será preciso superar a totalidade dos elementos de valoración en cada oportunidade.
- c) En todos os casos queda garantido o dereito do estudantado a optar á máxima cualificación (Artigo 19. Apartado 6).

5. DA COLABORACIÓN DOCENTES / ESTUDANTES

5.1. Existe un sistema de reserva de **titorías** a través do seguinte enlace:

<https://calendly.com/emmatordesromay/titoria-presencial>. Nas sesións de titorías (só de carácter presencial) resolveranse dúbidas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, pero non se poderán facilitar apuntamentos nin realizar clases teóricas completas (Artigo 16).

5.2. A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da **plataforma Moovi**. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar o material específico e complementario que sexa preciso para a superación da materia, tendo en conta que non se facilitarán apuntamentos escritos senón materiais de apoio das sesións teóricas e prácticas, así como bibliografía específica e complementaria.

5.3. O docente **non remitirá materiais de traballo de xeito individual** nin remitirá correos electrónicos de aviso (atendendo ás limitacións establecidas polas normativas de xestión de datos persoais) polo que é responsabilidade do estudante activar as correspondentes alertas para pode dispoñer dos avisos e notificacións que só se remitirán dende a plataforma Moovi.

A presente normativa é aplicable a todos os alumnos e alumnas matriculados nesta materia SEN EXCEPCIÓN

Emma Torres Romay, xullo de 2023

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Barquero, J. D. y Barquero Cabrero, M., **Marketing relacional y comunicación para situaciones de crisis**, Profit editorial, Profit editorial, 2010

González Herrero, Alonso, **Marketing preventivo La comunicación de crisis en la empresa**, 9788476765197, Bosch, 1998

Fita Trias, Jaume, **Comunicación en programas de crisis**, 9788480883542, Gestión 2000, 1999

Bibliografía Complementaria

Costa, Carlos Víctor, **Comunicación de crisis, redes sociales y reputación corporativa**, 9788417914325, ESIC Editorial, 2019

Burgueño, José Manuel, **Qué hacer cuando arde la red. Gestión de crisis de comunicación online**, 9788491802433, Editorial UOC, 2019

Losada Díaz, José Carlos, **Comunicación en la gestión de crisis. Lecciones prácticas**, 9788497888813, Editorial UOC, 2010

Marín, Francisco, **Comunicación de crisis**, 9788483561720, LIDL Editorial, 2009

Saura, Pilar, **La gestión y la comunicación de crisis en el sector de alimentación y bebidas**, 9788484681625, Universidad Pontificia de Comillas, 2005

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/P04G190V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Campañas de imaxe e de relacións públicas/P04G190V01901

Dirección de comunicación/P04G190V01701

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría e práctica das relacións públicas/P04G190V01205

Comunicación: Imaxe corporativa/P04G190V01303

Planificación estratéxica das relacións públicas/P04G190V01503

Técnicas de relacións públicas/P04G190V01604

DATOS IDENTIFICATIVOS**Opinión pública**

Materia	Opinión pública			
Código	P04G190V01905			
Titulación	Grao en Publicidade e Relacións Públicas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	García González, Aurora			
Profesorado	García González, Aurora			
Correo-e	auroragg@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia compréndese o coñecemento xeral da historia e o estado actual da opinión pública: teorías e correntes de pensamento. Preténdese que os estudantes alcancen un coñecemento crítico do obxecto da Opinión Pública como ciencia, así como dalgúns dos autores clásicos nesta materia. Inclúese unha aproximación ao estudo dos sistemas de medición da opinión pública.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
